



NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA OCIOLEIROS 2025

O programa *Ocioleiros* abrangue un conxunto de actividades organizadas polos servizos de Cultura, Normalización Lingüística, Deportes e Xuventude para o tempo de lecer, destinadas a público adulto.

A finalidade deste programa é fundamentalmente lúdica, polo que todos os esforzos das persoas participantes deberán dirixirse á diversión e ao entretemento.

O procedemento de preinscrición, adxudicación de prazas, pagamento e inscrición axustarase ás normas que se detallan a continuación.

Toda a información relativa a este proceso publicarase na páxina web municipal (<https://www.oleiros.org/es/>).

I.- Requisitos das persoas participantes

Para poder participar no programa cómpre reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade (ter 18 anos cumpridos)
- Estar empadroad/a no Concello de Oleiros

II.- Preinscrición

O procedemento de solicitude iníciase cunha preinscrición, que deberá realizarse de acordo coas seguintes condicións:

- a) A preinscrición debe realizarse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica municipal (<https://sede.oleiros.org/>), buscando a actividade “Ocioleiros 2025” no catálogo de trámites, non sendo necesario estar rexistrado/a na sede. **No caso de que a algunha persoa non lle sexa posible realizala telematicamente por si mesma, poderá facelo na conserxería da Fábrica en horario de mañá (de 8.30 a 14.30 horas).**
- b) Admitirase unha única solicitude por participante e nela poderán marcarse ata un máximo de 2 actividades, por orde de preferencia. É dicir, a actividade que se seleccione como primeira opción no despregable considerarase a primeira na orde de preferencia.
- c) Se algunha persoa presenta máis dunha solicitude co mesmo nome a través da sede electrónica, darase como válida a última presentada.
- d) As persoas que se preinscriban deberán gardar o xustificante co número de referencia para poder localizar a súa solicitude en calquera momento.
- e) As listaxes de todas as persoas preinscricións publicaranse na web municipal. No caso de advertir erros ou omisións, as persoas interesadas poderán comunicalo ao Concello mediante un correo electrónico enviado a afabrica@oleiros.org ou ben telefonicamente no número 981 636 598 dentro do prazo que se sinala no anuncio.
- f) Nas listaxes publicadas cada solicitude levará asignado un número específico para os efectos do sorteo.
- g) É necesario cubrir a folia de preinscrición con todos os datos.

- h) Na actividade de bailes de salón e latinos, as parellas de baile deberán vincularse na preinscrición do seguinte xeito: o segundo solicitante da parella fará constar na súa solicitude o nº de preinscrición (ACT202400XXXX) do primeiro, no espazo habilitado para iso. Tamén poderán enviar un correo cos datos de ambas persoas a afabrica@oleiros.org facendo constar que son parella de baile.

III.- Adxudicación de prazas

- a) No caso de que o número de solicitantes dunha actividade sexa inferior ao de prazas convocadas, a adxudicación será directa e definitiva.
- b) Se houber máis solicitantes que prazas, resolverase mediante un sorteo público que se realizará no auditorio da Fábrica, na data que se sinale no anuncio (rúa do Inglés 13, Perillo).
- c) O sorteo efectuarase en función do número asignado a cada solicitude, determinando como admitidas as persoas que teñan o número que saia no sorteo e os sucesivos, ata encher o número de prazas da actividade.
- d) As listas de persoas admitidas serán publicadas na páxina web municipal e expoñeranse no taboleiro da Fábrica. As solicitudes inicialmente sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda, para o caso de renuncias ou vacantes posteriores.

IV.- Inscripción e pagamento

- a) No caso de estar admitido/a nunha actividade e non ter interese en formalizar a inscrición deberase notificar coa maior brevidade posible por correo electrónico enviado a afabrica@oleiros.org.
- b) Para adxudicar a praza será necesario realizar o pagamento da actividade, de acordo coas instrucións que se faciliten ás persoas admitidas mediante correo electrónico, no que se indicará o prazo establecido para o pago.
- c) As persoas que realicen o pagamento a través do enlace que se lles remite no correo electrónico, ou ben paguen na entidade ABANCA, non terán que remitir xustificante do pagamento. Porén, as persoas que efectúen o pago noutras entidades bancarias deberán **necesariamente** remitir o comprobante de pagamento a: afabrica@oleiros.org ou entregalo de forma presencial nas instalacións do centro cultural A Fábrica, na rúa do Inglés,13, Perillo. En caso de non remitilo no prazo que se lles indique, entenderase que non foi efectuado o pago, e a praza quedará dispoñible.
- d) Quen pretenda acollerse a algunha bonificación deberá acreditar o seu dereito mediante a achega dos documentos pertinentes no intre do pagamento, ben remitíndoos por correo electrónico a afabrica@oleiros.org, ou ben incorporaranse no propio acto do pagamento (cando se pague por pasarela).

V.-Prazas vacantes

- a) Unha vez rematado o prazo de pagamento, no caso de resultar prazas vacantes, farase un único chamamento ás persoas que se atopen en lista de agarda, nun número equivalente ao de prazas que quedaran vacantes, o que lles será comunicado mediante un correo electrónico, ofrecéndolles un novo prazo de pagamento.



- b) Finalizado o dito proceso, no caso de quedar todavía algunha praza vacante nalgunha das actividades, iniciárase un prazo de inscrición libre. Estas prazas adxudicáranse por rigorosa orde de entrada da solicitude.
- c) O Concello de Oleiros poderá anular actividades nas que non se acadase un número suficiente de persoas participantes, ou en calquera momento en función das circunstancias excepcionais ou recomendacións sanitarias.

VI.- Desenvolvemento das actividades

- a) O programa rematará logo de ter cumpridas as sesións que correspondan a cada actividade.
- b) Os días **3 e 4 de marzo** (Entroido), do **14 ao 20 de abril** (Semana Santa), o **1 de maio** (Festa do Traballo) e o **17 de maio** (Día das Letras Galegas) non haberá actividade.
- c) No caso de darse de baixa algún participante nas actividades, deberá comunicalo ao correo electrónico afabrica@oleiros.org ou ben chamando ao teléfono 981 636 598.
- d) As persoas participantes nas actividades deberán comunicar as faltas de asistencia ao monitor ou monitora responsable.
- e) Protección de datos.- O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os datos coa finalidade de xestionar o proceso de preinscrición e posterior elección de participantes na actividade. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Non haberá cesións nin transferencia internacional de datos.
- f) O Concello non se fará responsable dos datos que voluntariamente transmitan as persoas participantes aos demais participantes.

VI.- Calendario Ocioleiros 2025

🚩 As datas estimadas para o proceso de inscrición devandito serán as seguintes:

DATAS	TRÁMITE
Do 09/12/2024 ao 19/12/2024	Preinscrición telemática na sede electrónica, só para persoas empadroadas e un máximo de 2 actividades
27/12/2024	Publicación de lista de persoas preinscritis e apertura do prazo de reclamacións
03/01/2025	Remate do prazo de reclamacións á lista de persoas preinscritis
9/01/2025	Sorteo público ás 12:00 horas na Fábrica
13/01/2025	Publicación de listas de admitidos/as e prazos de pagamento
3/02/2025	Data prevista de comezo das actividades

** O Concello de Oleiros poderá modificar este calendario informando en todo caso destas modificacións a través da páxina web municipal